



CONTOS ARREDOR DE NÓS

Un espectáculo de Narración Oral sobre a
importancia da igualdade entre seres humanos.

PRESENTADO POR:



Recuperando as eivas da nosa historia

Un espectáculo de narración oral cargado de historias, contos, cántigas, poesía. E contado con expresión teatral coa corporalidade, títeres, obxectos e música. Procurando un estilo de xografía popular.

Deixa que cho conten, pero
investiga.
Non conteñas nunca a túa
curiosidade!





RESUMO E SINOPSE

Historias de antes soan lonxe, pero por desgracia a súa normalidade é imperante hoxe e por isto, hai que acoutala. Non imos esquecer o camiño percorrido, e aberto polas nosas devanceiras. Aínda hai moito que cambiar, motivos para nos enfadar e non calar. Sabedoría tamén alegre da que aprender, para a supervivencia nun mundo capitalmente de homes. A xograresa relata historias dalgunhas mulleres clave, e contos clave para comprender a igualdade. Acompañada dun pandeiro redondo de paus, tamén canta versos tradicionais contra as violencias machistas.

Contos, historias e cantos poñen de manifesto o saber e sentir dos personaxes, e de nós. Búscase fomentar a enerxía do empoderamento da comunidade, fronte ó acoso escolar e outros entornos.

Contido

Un repaso por algunhas figuras clave de mulleres que a nosa historia tratou de ocultar, ou mesmo de ridiculizar, ante a imposibilidade de facelas desaparecer. Ao tempo, mesturadas con historias de vida sobre a afección do machismo e o patriarcado, e sobre o empoderamento e a auto-organización para acoutar a opresión dos mesmos. Ademais cantos de estilo popular e tradicional ligan as narracións. E algúns obxectos que adquiren importancia dramática, tamén acompañarán e apoiarán o contido dalgúns relatos.

Duración: 45/50 minutos



ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA

Ao remate do espectáculo, ofrécese unha actividade para visualizar en colectivo sobre o que son os nosos privilexios.

Para o público de entre 8 e 13 anos. Desenvolverase unha dinámica nun espazo amplo, que permita o movemento das persoas en pé. A duración será duns 30 minutos a maiores. Esta actividade de grupo, pretende facernos entender que son os privilexios, e levar a conciencia do individual ao colectivo. Será necesario solicitalo previamente, se quere incluírse, para ofrecela nas mellores condicións posibles e necesarias.



PÚBLICO

Este espectáculo e a actividade complementaria diríxense ás idades comprendidas na educación primaria, e tamén para tódolos públicos.





Contacto e máis información en:

Representante: Alba Grande Vázquez

Compañía: Alba de Vales. Adicada á creación e á formación escénica

Teléfono: 645179425

Enderezo-e: alba.grande.v@gmail.com

Podes ver algunhas cousas do meu traballo e do meu andar en:

www.albadevales.com



@albadevales
#albadevales





GRAZAS!



Profesional
asociada a:



Cartafol e presentación de Alba Grande Vázquez 2025.